



INSTRUCCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DE EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E INNOVACIÓN EDUCATIVA SOBRE A ORGANIZACIÓN DA DOCENCIA E A AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN DOS MÓDULOS DE “FORMACIÓN EN EMPRESAS, ESTUDOS E/OU TALLERES” E DE “PROXECTO INTEGRADO” NOS CICLOS FORMATIVOS DE GRAO SUPERIOR DE “FOTOGRAFÍA”, “GRÁFICA PUBLICITARIA” E “ILUSTRACIÓN”.

Os Reais Decretos 1431/2012, 1432/2012 e 1433/2012, todos eles do 11 de outubro de 2012 e publicados no BOE do 3 de novembro, establecen os títulos de Técnico Superior de Artes Plásticas e Deseño en Gráfica Publicitaria, Fotografía e Ilustración, pertencentes á familia profesional artística de Comunicación Gráfica e Audiovisual, e se aproban as correspondentes ensinanzas mínimas.

No ano académico 2013-14, implantáronse no ámbito académico da competencia da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria os plans de estudos correspondentes aos citados títulos, establecidos nos citados reais decretos. No presente ano académico 2014-15 estase a impartir o segundo curso dos xa citados ciclos formativos, estando prevista a realización dos módulos de “Formación en empresas, estudos ou talleres” e de “Proxecto integrado”, no terceiro trimestre deste mesmo ano académico.

Compre, xa que logo, establecer as condicións de realización, avaliación e cualificación do módulo de “Proxecto integrado”, e, en consecuencia, dítanse as presentes instrucións:

1º.- Obxecto e ámbito de aplicación

O obxecto das presentes instrucións é o de establecer as condicións de realización, avaliación e cualificación do alumnado que cursa o módulo de “Proxecto integrado” nos ciclos formativos de grao superior de “Gráfica publicitaria”, “Fotografía” e “Ilustración”, cursados segundo os plans de estudos establecidos respectivamente polos Reais Decretos 1431/2012, 1432/2012 e 1433/2012, todos eles do 11 de outubro de 2012.

As presentes instrucións serán de aplicación nas Escolas de Arte e Superiores de Deseño (EEASSD) e nos centros privados autorizados de artes plásticas e deseño que impartan os citados ciclos formativos, no ámbito de competencia da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

2º.- Realización do módulo de “Proxecto integrado”

O módulo de “Proxecto integrado”, incluíndo a súa avaliación e cualificación, realizarase ao longo do terceiro trimestre do presente ano académico, segundo o calendario escolar en vigor.

Para a realización do módulo de “Proxecto integrado”, o alumnado deberá ter superados todos os módulos que integran o ciclo formativo correspondente, agás o módulo de “Formación en empresas, estudos ou talleres”.

Excepcionalmente, o/a xefe/a de estudos do centro poderá autorizar a realización do módulo de “Proxecto integrado” ao alumnado con módulos pendentes sempre que a suma dos créditos ECTS asociados aos mesmos non sexa superior a 18, e teñan superados os módulos de “Proxectos de gráfica publicitaria I”, “Proxectos de gráfica publicitaria II”, “Proxectos de fotografía I”, “Proxectos de fotografía II”, “Proxectos de ilustración I” e “Proxectos de ilustración II”, nos ciclos de “Gráfica publicitaria”, “Fotografía” e “Ilustración”, respectivamente.

De acordo cos obxectivos establecidos para o módulo de “Proxecto integrado” no currículo correspondente a cada ciclo formativo, o alumnado propondrá ao seu titor/a o proxecto que pretende desenvolver, que deberá reunir as condicións propias dun proxecto integral de carácter profesional. No caso de que o/a alumno/a non propoña un proxecto concreto para a súa realización, ou a súa proposta non reúna condicións suficientes a xuízo do/a titor/a correspondente, o/a alumno/a aceptará o proxecto que lle indique o/a titor/a.





Os/as tutores/as do "Proxecto integrado" de cada ciclo formativo determinarán e comunicarán ao alumnado as características comúns a todos os proxectos integrados que realice o alumnado, a documentación mínima que deberá presentar o alumnado, o calendario de actuacións e os horarios individualizados de titorías, así como as datas e procedemento de entrega dos traballos, os criterios de avaliación e a data de cualificación.

En función das necesidades técnicas que presente o desenvolvemento dos traballos do "Proxecto integrado" por parte do alumnado, o/a xefe/a de departamento de familia profesional correspondente, de acordo cos docentes afectados, e coa supervisión da xefatura de estudos, establecerá as medidas adecuadas para que o alumnado do "Proxecto integrado" poida utilizar os talleres, instalacións e equipos específicos do centro, no desenvolvemento do mesmo, nas condicións e horarios que non interfiran na actividade académica do centro.

3º.- Titoría

En cumprimento do establecido no artigo 4 dos citados reais decretos, o alumnado contará coa titoría individualizada de docentes que impartan nos ciclos citados respectivamente. A xefatura de estudos de cada centro establecerá no horario persoal de cada docente que imparta no correspondente ciclo formativo, o horario de titoría ao alumnado do "Proxecto integrado", atendendo á dispoñibilidade de horas lectivas de cada docente no terceiro trimestre do ano académico, e do número de alumnos/as matriculados/as.

4º.- Avaliación

Na avaliación do "Proxecto integrado" teranse en conta os criterios establecidos nos citados Reais Decretos 1432/2012, 1432/2012 e 1433/2012, do 11 de outubro, respectivamente. A xefatura de estudos establecerá no calendario de fin de curso o calendario e o/s horario/s da/s sesión/s de avaliación do módulo de "Proxecto integrado" de cada un dos ciclos formativos citados nestas instrucións, na que estarán presentes todos/as os tutores/as deste módulo.


Para poder avaliar cumpridamente a presentación, comunicación, e defensa do proxecto integrado, contido común a todos os ciclos formativos de grao superior citados nas presentes instrucións, cada alumno/a disporá dun máximo de 20 minutos para a presentación, exposición e defensa do seu "Proxecto integrado". Os/As tutores/as que avalíen este módulo disporán de 10 minutos para formular preguntas ou solicitar aclaracións ao alumnado. Esta presentación, comunicación e defensa será obxecto de avaliación, segundo o disposto nos criterios de avaliación establecidos polos reais decretos xa citados.

5º.- Cualificación

Para a cualificación do módulo de "Proxecto integrado" será precisa a cualificación positiva do alumnado en todos os restantes módulos que integran o ciclo formativo correspondente. A cualificación do módulo de "Proxecto integrado" será a media aritmética das cualificacións numéricas de cada un/ha dos/as tutores/as do dito módulo en cada ciclo formativo, con independencia do número de tutelados que lles corresponda, e expresada nunha escala de 0 a 10 con dous decimais. A cualificación do módulo de "Proxecto Integrado" formalizarase na sesión de cualificación que a estes efectos dispoña a xefatura de estudos do centro.

6º.- Reclamación en contra da cualificación

As reclamacións en contra da cualificación recibida no módulo de "Proxecto integrado", seralle de aplicación o procedemento, prazos e criterios que os establecidos na normativa en vigor para o caso de reclamación en contra da cualificación recibida en calquera outro módulo do mesmo ciclo formativo. No caso de ser preciso, calquera informe sobre os criterios aplicados na avaliación e cualificación do alumnado será realizado polo conxunto dos tutores/as do "Proxecto integrado" de cada ciclo formativo.





7º.- Custodia dos traballos do "Proxecto integrado"

A custodia da documentación e traballos presentados polo alumnado para o seu "Proxecto integrado", correspóndelle ao xefe/a de departamento da familia profesional correspondente a cada ciclo formativo, mantendo dita custodia durante un ano natural ou ata a resolución definitiva de calquera reclamación en contra da cualificación recibida por parte do alumnado. Transcorridos os prazos sinalados no parágrafo anterior, o departamento da familia profesional correspondente poderá decidir a entrega de documentación e/ou traballos que integren o "Proxecto integrado" de determinados alumnos/as aos seus autores/as, correspondéndolle ao xefe/a do departamento establecer os prazos e xeito de entrega dos mesmos, quedando constancia da dita entrega e as súas circunstancias.

8º.- Convocatorias

Para a superación do módulo de "Proxecto integrado", o alumnado disporá de dúas convocatorias, que se poderán levar a cabo, en cada caso, no terceiro trimestre de cada ano académico.

O alumnado que non supere o seu "Proxecto integrado" na segunda convocatoria, poderá solicitar unha terceira convocatoria, de carácter extraordinario, cumprindo as condicións e seguindo o procedemento e prazos establecidos para a solicitude dunha convocatoria extraordinaria para a superación de calquera outro módulo integrado no ciclo que cursa.

9º.- Prácticas en empresas estudos e/ou talleres

Na organización, realización e avaliación do módulo de "Prácticas en empresas, estudos e/ou talleres" seguirase o procedemento xa establecido para os ciclos formativos de grao superior cursados ao abeiro da *Lei Orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de Ordenación Xeral do Sistema Educativo*.

Para a realización do módulo de "Prácticas en empresas, estudos e/ou talleres", o alumnado deberá ter superados todos os módulos que integran o ciclo formativo correspondente. Excepcionalmente, o/a xefe/a de estudos do centro poderá autorizar a realización do modulo de "Prácticas en empresas, estudos e/ou talleres" ao alumnado con módulos pendentes, sempre que a suma dos créditos ECTS asociados aos mesmos non sexa superior a 18.

Santiago de Compostela, a 16 de marzo de 2015

Director Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa



Manuel Cordero López

